



Concello de Portomarín

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Considerando a necesidade de sacar a licitación o contrato de concesión de servizo de explotación da piscina municipal do Concello de Portomarín

Realizadas as actuacións preparatorias do contrato de concesión de servizo público en base ao disposto no artigo 285.2 da LCSP que establece como actuacións preparatorias *que “nos contratos de concesión de servizo a tramitación do expediente irá precedida da realización e aprobación dun estudo de viabilidade dos mesmos, ou no seu caso, dun estudo de viabilidade ecómico –financeira, que terán carácter vinculante nos supostos en que conclúan na inviabilidade do proxecto. Nos casos en que os contratos de concesión de servizo comprendan a execución de obras a tramitación de aquel irá precedida, ademáis, cando proceda de conformidade co disposto no artigo 248.1, da elaboración e aprobación administrativa do Anteproxecto de construción e explotación das obras que resulten precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas a súa realización e, ademáis, da redacción, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto das obras”.*

Elaborado estudo de viabilidade polo técnico municipal da concesión do servizo público de piscina e bar municipal en Portomarín donde se conclúe que o proxecto de explotación da piscina municipal de Portomarín resulta VIABLE dende o punto de vista económico.

Incorporado ao expediente a memoria xustificativa emitida polo órgano de contratación e que figura no expediente.

Incorporado ao expediente os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e do Procedemento Administrativo Común, o artigo 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (RD 2868/1986, de 28 de novembro), e o Decreto de Alcaldía de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

Esta Alcaldía, **RESOLVE:**





Concello de Portomarín

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local no referente a autorización e disposición de gasto do punto segundo c.1. do Decreto de Alcaldía 2019-0265.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto tramitación urxente para o contrato de concesión de servicio público convocando a súa licitación.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

